



EDICTO

DETERMINACIÓN DE CARGOS EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA, DO SEU RÉXIME DE DEDICACIÓN EFECTIVA E DAS SÚAS RETRIBUCIÓN S.

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria de 18.06.2015, en relación coa determinación de cargos en réxime de dedicación exclusiva, do seu réxime de dedicación efectiva e das súas retribucións, adoptou o seguinte acordo:

Sometida votación a proposta da Alcaldía de data 17.06.2015, o Pleno do Concello, por maioría, co voto favorable de 12 concelleiros (12 do grupo municipal do BNG), o voto en contra de 6 concelleiros (3 do grupo municipal PSdeG-PSOE; 2 do grupo municipal Marea Pontevedra; e 1 do grupo Mixto-Ciudadanos) e a abstención de 7 concelleiros (7 do grupo municipal do PP), préstalle a súa aprobación e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- Establécense en réxime de dedicación exclusiva os seguintes cargos municipais:

- Os membros do Goberno poderán desempeñar todos as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva.
- Os restantes Grupos Políticos poderán ter en réxime de dedicación exclusiva a 1 dos seus membros por cada 4 membros do Grupo Político ou resto de 3.
- A suma dos dous apartados anteriores non poderá superar, en ningún caso, o máximo legal, nestes intres fixado en 15.

As dedicacións exclusivas poderán dividirse en dedicacións parciais (cando menos do 50%, segundo prevé o Regulamento Orgánico do Pleno), de así estimarse motivadamente, e sempre cos límites sinalados.

Segundo.- As contías das retribucións a percibir polo desempeño dos cargos en réxime de dedicación exclusiva, ou parcial, serán as mesmas que as fixadas nas bases da execución do orzamento e demais acordos en vigor ata o día 13 de Xuño de 2015.

Terceiro.- As cantidades sinaladas polo desempeño do cargo en réxime de dedicación exclusiva completaranse coas correspondentes á antigüidade do concelleiro en cuestión, respecto ao posto de traballo que ocupaba como empregado ou funcionario, sempre en cando a entidade de orixe non se fixera cargo de tales. Isto sempre co límite establecido segundo o art. 75 bis.4 da Lei 7/1985.

Cuarto.- Os membros da Corporación que exerzan o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva terán unha dedicación mínima ao Concello equivalente á establecida con carácter xeral para o persoal ao servizo da Administración pública e, en concreto, para o Concello de Pontevedra. Non obstante, por razóns evidentes do exercicio do seus cargos, o cómputo desta dedicación non se suxeitará ao horario fixado para os traballadores municipais.

De acordo co art. 14.6 do Regulamento Orgánico do Pleno, a dedicación parcial por parte dos cargos que así se definan non será inferior a 20 horas á semana, correspondéndolle as retribucións proporcionais respecto das correspondentes aos cargos en réxime de dedicación exclusiva.

Quinto.- O nomeamento dos concelleiros que desempeñen os cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial será realizado polo Alcalde. En todo caso, os designados deberán aceptar o exercicio do cargo en réxime de dedicación exclusiva ou dedicación parcial, no prazo de tres días hábiles, entendéndose aceptado o cargo se transcorra o mencionado prazo sen comunicación expresa de renuncia.

O nomeamento dos concelleiros dos grupos municipais na oposición efectuarase a proposta dos seus portavoces.

Sexto.- Os membros da Corporación que exerzan os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva e parcial serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social ou réxime equivalente, asumindo a Corporación o pago dos custos empresariais que corresponda.

Sétimo.- A percepción de retribucións polo exercicio de cargos municipais en réxime de dedicación exclusiva será incompatible con outras retribucións a cargo dos presupostos doutras administracións públicas, organismos ou entes públicos dependentes deles, así como incompatibles co exercicio doutras actividades nos termos precisados pola Lei 53/1984 e normativa aplicable.

Octavo.- As retribucións asignadas, polos conceptos de dedicación exclusiva, serán percibidas a partir da data da efectiva prestación destes cargos, considerando a tales efectos que estiveran nomeados, aceptados os nomeamentos e desenvolvéndose sen incompatibilidade de ningún tipo. Cumpridas estas condicións, este acordo terá efectos retroactivos a tal data.

Noveno.- As retribucións establecidas incrementaranse anualmente, de selo caso, na mesma porcentaxe que a aplicable aos empregados públicos municipais.

Décimo.- Os membros da Corporación que exerzan o cargo con dedicación exclusiva terán dereito aos mesmos permisos, licenzas e vacacións que o persoal funcionario do Concello de Pontevedra.

Décimo primeiro.- Adoptaranse as medidas procedentes suplementando os créditos necesarios para atender ao pago das retribucións establecidas.

Décimo segundo.- En cumprimento do establecido no art. 75.5 da Lei 7/1985, o presente acordo, así como os cargos nomeados, publicaranse, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello por quince días hábiles. De conformidade co art. 8 da Lei 19/2013, de Transparencia e Bo Goberno, a publicación completarase coas cantidades correspondentes. E, para a máxima transparencia, procederase igualmente á súa publicación na web municipal por igual prazo.

O que se fai público, coa reserva á que se refire o artigo 92.2 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións (BOP 248, de 28 de decembro de 2005), para o xeral coñecemento e oportunos efectos.

De conformidade co exposto, precísanse as cantidades determinadas conforme ao apartado segundo deste acordo:

Alcaldía: Percibirá unha retribución bruta anual de 63.831,12 € , distribuída en doce pagas mensuais e dúas extraordinarias (xuño e decembro), de igual contía.

1ª Tenente de Alcalde: Percibirá unha retribución bruta anual do 90% da retribución da Alcaldía, isto é de 57.736,42 €, distribuída en doce pagas mensuais e dúas extraordinarias (xuño e decembro), de igual contía.

Concelleiros membros do goberno: Percibirán unha retribución bruta anual de 43.865,30 €, distribuída en doce pagas mensuais e dúas extraordinarias (xuño e decembro), de igual contía.

Concelleiros dos restantes grupos políticos con dedicación exclusiva: Percibirán unha retribución bruta anual idéntica á establecida para os concelleiros de goberno, coa mesma distribución.

Pontevedra, 22.06.2015.

O Secretario do Pleno,

José Luis Mato Rodríguez.